

## FALSOS MITOS SOBRE O TEA

Ti pensas que o TEA é consecuencia da falta de cariño por parte dos pais?

Eu creo que o TEA é unha enfermidade que ten cura...



### 1. O autismo é unha enfermidade. (X)

É un trastorno neurobiolóxico relacionado co desenvolvemento do sistema nervioso. **Non** é unha enfermidade que se contaxie ou que se contraia, senón que a persoa presenta unha discapacidade que lle acompañará toda a vida.

### 3. O autismo pódese curar. (X)

O TEA acompaña á persoa durante toda a vida, **non** existe cura. A calidade de vida pode mellorar con tratamentos psicoeducativos individualizados e adaptados á etapa do seu desenvolvemento vital.

### 2. A falta de cariño dos proxenitores pode provocar autismo. (X)

Aínda non hai causas concretas pero está relacionado co desenvolvemento neurobiolóxico, con forte implicación xenética. **Non** se relaciona con vínculos afectivos nos primeiros anos de vida.

### 10. As vacinas poden causar autismo. (X)

Despois de moitas investigacións, a conclusión é que **non** hai evidencia que relacione vacinación con desenvolvemento de TEA.

### 7. Prefiren estar soas e evitar o contacto. (X)

Teñen interese en relacionarse, pero, ás veces, as diferenzas na comprensión e no manexo das situacións dificultan as relacións. **Non** evitan o contacto pero poden ser sensibles a estímulos sensoriais (visuais, sonoros...), polo que poden non estar cómodos en situacións que impliquen contacto físico. Pero si poden afrontar as demandas cotiás e participan activamente na sociedade, cos seus apoios necesarios.

### 9. Non se comunican. (X)

Si se comunican pero **non** do mesmo xeito. Poden non empregar linguaxe verbal polo que precisan apoios e recursos como **Sistemas Alternativos ou Aumentativos de Comunicación (SAAC)**  
- pictogramas-

### 6. Leva asociado trazos físicos diferenciadores. (X)

**Non** presentan trazos diferenciadores na súa aparencia externa. As manifestacións son de tipo condutual, observables nos comportamentos

### 8. Ten asociado discapacidade intelectual. (X)

**Non** sempre presentan unha discapacidade intelectual, poden mostrar capacidades esperadas para a idade ou por riba do esperado.

### 4. Teñen habilidades especiais. (X)

**Non** sempre presentan habilidades especiais. En moitos casos, estas habilidades están relacionadas cos seus intereses.

### 5. As persoas con TEA son agresivas. (X)

**Non** son agresivas. Poden presentar niveis elevados de estrés polas súas dificultades, manifestadas como condutas inadecuadas, estrañas para os demais. Isto ocorre pola falta de adaptación do contorno e dos recursos.